



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 7/2022, DO DIA 28  
DE XULLO DE 2022**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e seis minutos do xoves día 28 de xullo de 2022, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 22 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D <sup>a</sup> . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D <sup>a</sup> . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA**

**I. PARTE RESOLUTIVA:**

**1. Acta anterior:**

- Núm. 6/2022, do 30 de xuño de 2022

**2. Proposta da Alcaldía-Pedanía sobre a xestión veciñal das infraestruturas da rede de sumidoiros construída pola ELM de Bembrive**

**II. PARTE DE CONTROL:**

**3. Resolucións da alcaldía – pedanía**

**4. Rogos e preguntas.**

-----  
Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

### **1. Acta anterior:**

**- Núm. 6/2022, do 30 de xuño de 2022.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2. Proposta da Alcaldía-Pedanía sobre a xestión veciñal das infraestruturas da rede de sumidoiros construída pola ELM de Bembrive.**

O Alcalde dá conta da proposta do 21.07.2022 co seguinte contido:

*“Esta Entidade Local recibe nos últimos anos distintas peticións de persoas que desexan realizar a conexión das súas vivendas á rede xeral de sumidoiros para verquido de augas residuais domésticas en distintos lugares da parroquia aos que se dotou da infraestrutura necesaria (tubería, arquetas, pozos de bombeo, etc.) por parte da propia Entidade Local Menor mediante encargos da Alcaldía Pedanía a diferentes empresas privadas durante os anos 2012 a 2016 (ambos incluídos), como aos caminos do Toutizo, Castiñeiras, Suaxeira, Paio, Cemieiras, Regada, Xalón, Recaré, Peizás, Xestoso, entre outros.*

*Trátase dun servizo básico que deben prestar tódolos municipios, tal e como prevé o artigo 25 e 26 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, polo que debería ser o Concello de Vigo quen dotase deste servizo a toda a poboación.*

*Por elo, nos anos 2021 e 2022 solicitouse ao Concello de Vigo a cesión a este das referidas instalacións, para a posterior integración na rede de saneamento municipal, sendo necesario seguir un procedemento coa remisión de información actualizada da rede de saneamento, entregando diversa documentación. Parte desta non se atopa nesta Entidade, polo que non foi posible completar a operación pretendida.*

*A ELM de Bembrive non ten entre as súas competencias, atribuídas na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, nin existe convenio ou acordó algún co Concello polo que deba atender este servizo. Por outra banda, sufriu un grave deterioro da súa capacidade financeira, que non lle permite manter no tempo e de xeito adecuado estas infraestruturas.*

*Polo exposto, propónse á Xunta Veciñal que tome o seguinte acordo:*



## Entidade Local Menor de Bembrive

*Ceder de xeito precario e indefinido o uso do sistema de bombeo da rede xeral de sumidoiros construído en Bembrive entre os anos 2012 e 2016, para a xestión do servizo en beneficio da veciñanza interesada, debendo facerse cargo esta dos gastos derivados do seu mantemento, conservación e reparación.*

*Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”*

.....  
Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

## II. PARTE DE CONTROL:

### 3. Resolucións da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucións adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 30.06.2022 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

060 29.06.2022 **Aprobar relación de 1 xustif. de gasto, nº 19/2022** (subministros para Festa Floral), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 2.917,20 €.**

061 30.06.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 3 xustif. de gasto, nº 20/2022** (subministros Festa Floral e outro), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.363,30 €.**

062 30.06.2022 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas** do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de xuño (incluído FAS do 2021), **por 9.993,96 € (impte. neto).**

063 30.06.2022 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas** do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ás **paga extraordinarias de xullo de 2022, por 7.753,31 € (impte. neto).**



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

064 01.07.2022 **Adxudicación de contrato menor** de servizos de “**Actuacións musicais**” a **Ateneo Musical de Bembrive**, por importe total de **8.500 €**.

065 04.07.2022 **Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en xuño 2022**, por impte. bruto total de **1.350,00 €**.

066 06.07.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 23 xustif. de gasto, nº 21/2022** (servizos, subministros e obras), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 8.432,76 €**.

067 14.07.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 10 xustif. de gasto, nº 22/2022** (servizos e subministros), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.890,55 €**.

068 22.07.2022 **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 28.07.2022** (4 asuntos).

#### 4. Rogos e preguntas.

Non se formulan.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:12 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis